



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

SECRETARÍA

**FRANCISCO CACHARRO GOSENDE, SECRETARIO XERAL DA EXCMA.  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

**C E R T I F I C O:** que o Pleno da Corporación Provincial, na sesión ordinaria do día **25 de xuño de 2010**, adoptou o seguinte acordo:

**ACEPTACIÓN DE DELEGACIÓNS DE COMPETENCIA EFECTUADAS  
POLO CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO EN MATERIA DE RECOLLIDA  
SELECTIVA DE ENVASES, PAPEL CARTÓN E VIDRO**

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (13) e do deputado non adscrito don Eladio Fernández Vázquez, e a abstención dos deputados presentes do Grupo Socialista (6) e do BNG (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Acepta-la delegación do exercicio das competencias municipais en materia de recollida de envases lixeiros, papel cartón e vidro, con respecto ó concello de Vilariño de Conso e nas modalidades que se indican a continuación:

- Recollida selectiva multimaterial de envases lixeiros (bolsa amarela).
- Recollida selectiva monomaterial de papel-cartón.
- Recollida selectiva monomaterial de vidro.

2º.- A aceptación das delegacións indicadas no apartado anterior realizarase baixo as seguintes condicións:

- a) A delegación terá carácter indefinido.
- b) Os concellos resérvanse o dereito a revoga-la delegación, con suxeición ás seguintes regras:

- A revogación deberá comunicárselle á Deputación, mediante achega de certificación do acordo plenario correspondente.
- Os acordos de revogación terán efectividade o 1 de xaneiro do ano natural seguinte a aquel no que se comunique, sempre que se comuniquen cunha antelación mínima de seis meses; en caso contrario, a súa efectividade



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

SECRETARÍA

demorarase ata o 1 de xaneiro do ano natural con respecto ó que se cumpra ese prazo de comunicación.

- c) O exercicio da competencia delegada por parte da Deputación Provincial non implicará custo ningún para os concellos.
- d) A Deputación Provincial manterá informados periodicamente ós concellos dos resultados da xestión realizada, sen prexuízo do dereito dos concellos a obter información detallada en calquera momento, trala solicitude previa por escrito á administración provincial.
- e) Os concellos prestarán a colaboración necesaria á Deputación para facilita-la xestión delegada do servizo.
- f) A xestión delegada do servizo por parte da Deputación Provincial axustarase, en todo momento, ós plans vixentes de xestión de residuos sólidos urbanos de Galicia, e levarase a cabo nas mesmas condicións previstas nos convenios marco subscritos entre a Xunta de Galicia e Ecoembes, S.A. ou Ecovidro, SA, ou se é o caso nas condicións establecidas no instrumento convencional que poida substituílo no futuro.
- g) A Deputación Provincial facturará ó sistema integrado de xestión que proceda os conceptos previstos nos devanditos convenios – marco, aplicando os ingresos ó financiamento e, de se-lo caso, mellora ou ampliación do servizo.
- h) A Deputación Provincial de Ourense poderá xestiona-lo servizo por calquera dos sistemas de xestión de servizos públicos previstos na lexislación de réxime local.

E para que conste, -nos termos do artigo 206 do vixente ROF-, expido este certificado en Ourense, o vinte e cinco de xuño de dous mil dez.

V. e pr.

O PRESIDENTE,